



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Instituto de las
MUJERES

ANEXO III

2023/CP/220

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: 42-1-ID22		
Título: ASIMETRÍAS DE XÉNERO NA COMUNICACIÓN POLÍTICA DIXITAL. PRÁCTICAS, ESTRUTURAS DE PODER E VIOLENCIAS NA TUITESFERA ESPAÑOLA		
Liña de investigación / Servizos científico-técnicos: Comunicación dixital -Violencias de xénero -IA		
PERÍODO AXUDA: INICIO: 01/01/2022 FIN: 31/12/2023		
CENTRO Inv. Principal: Facultade de Ciencias da Comunicación		
OBJECTO DO CONTRATO: Apoio no traballo de campo e no tratamento de datos (estadística descritiva, análise multivariante, análise cualitativa) e na súa visualización (gráficas e infografías. Apoio na creación de contidos divulgativos.		
LUGAR E HORARIO: Campus de Elviña, Facultade de Ciencias da Comunicación. Horario 9-14h.		
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo III		
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)		
Investigador/a asociado/a ☐	Investigador/a en formación ☐	* Require matrícula programa doutoramento SUG
Técnico/a de apoio á investigación ☐	Axudante de apoio á investigación ☒	
Técnico/a administrativo/a ☐	Axudante administrativo/a ☐	
XORNADA	Tempo Completo: ☐	Tempo Parcial: ☒ DATA APROX. INICIO CONTRATO: 01/11/2023
TIPO DE CONTRATO: Indefinido ☒		Duración determinada ☐
RETRIBUCIÓN BRUTAS : 715,55*		
PARTIDA ORZAMENTARIA: 61.60.22.00.01 541A 649.02		

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Bacharelato, BUP, FP II, Ciclo formativo superior
REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC.
Dirixidas á Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia, coa Referencia da convocatoria.
PAZO: 10 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN: M ^a Teresa Piñeiro Otero, Laura M. Castro Souto, Ana M ^a González Neira. Suplentes: Beatriz Pérez Sánchez e Luis Xabier Martínez Rolán.
LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

A Coruña, 18 de agosto de 2023

A INVESTIGADORA PRINCIPAL

Asdo.: Teresa Piñeiro Otero

En cumprimento do art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e do art. 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña.

A finalidade do tratamento destes datos é a xestión do expediente do gasto indicado no presente documento. A base de lexitimación do tratamento sitúase no art. 6.1.b) e c) RXPd (execución dun contrato e obriga legal). Todas as persoas que entren en contacto cos datos cumprarán o deber de confidencialidade establecido no art. 5 LOPD. Estes datos trátanse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible existencia de responsabilidades legais.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento pode consultarse www.udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos.

Documentación que debe presentar o/a solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Documentación xustificativa daquelas actividades de formación/laborais que se sinalan para a praza.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Instituto de las
MUJERES

MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

TAREFAS

A presente convocatoria busca Axudante de Apoio á Investigación, preferentemente do Grao en Socioloxía, para colaborar no desenvolvemento do traballo de campo do proxecto (enquisas i entrevistas en profundidade) máis no tratamento de datos (estatística descriptiva, análise multivariante, análise cualitativa) e na súa visualización (deseño e creación de gráficas, infografías). Asemade, brindará apoio na creación de contidos relativos aos resultados do proxecto (texto, imaxe, audio, vídeo) para a súa difusión a través de diferentes medios, e para diferentes públicos.

En concreto as tarefas nas que vai a colaborar son:

- Apoio no desenvolvemento de entrevistas en profundidade
- Transcripción de entrevistas e análise cualitativa (Atlas TI, Nvivo...)
- Análise estatística (SPSS, R Commander...)
- Elaboración de gráficas e infografías (2D)
- Deseño gráfico, gravación i edición audiovisual

CRITERIOS

Establécense como criterios de valoración os seguintes:

- Expediente académico (máximo 3 puntos).
- Formación específica en metodoloxías de investigación en Ciencias Sociais (máximo 1 punto)
- Formación relacionada coa igualdade ou a violencia xénero (máximo 1 punto)
- Experiencia laboral relacionada (máximo 3 puntos)
- Entrevista persoal (2 puntos).

· Expediente académico (máximo 3 puntos).

No caso do expediente académico tomarase como referencia a nota media segundo estos termos:

Alumnado de 3º ou 4º curso do Grao de Socioloxía

Nota media superior a 8 puntos: 3 puntos

Nota media entre 5 e 8: 2 puntos

Alumnado de 1º ou 2º curso do Grao de Socioloxía// Alumnado de 3º ou 4º curso do Grao en Comunicación Audiovisual

Nota media superior a 8 puntos: 1 puntos

Nota media entre 5 e 8: 0,5 puntos

· Formación específica en metodoloxías de investigación ou software específico para análise (máximo 1 punto)

Posgrao en Metodoloxías de Investigación en Ciencias Sociais (ou equivalente): 1 punto

Formación en programas de análise estatística (SPSS, R commander): ata 0,5 puntos*

Formación en programas de análise cualitativa (AtlasTI, Nvivo):0,5 puntos*

*Ata 0, 1 puntos por cada 5 horas de formación debidamente acreditada.

FIRMADO

FIRMADO

FIRMADO

FIRMADO

FIRMADO

FIRMADO

FIRMADO

FIRMADO

FIRMADO

FIRMADO

FIRMADO



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Instituto de las
MUJERES

· **Formación específica relacionada coa igualdade ou as violencias machistas (Máximo 1 punto).**

0, 1 puntos por cada 5 horas de formación debidamente acreditada.

No caso dos módulos de igualdade integrados en cursos de formación de entidades como o INEM só se computará un (o de maior extensión) na valoración de cada candidatura.

· **Experiencia laboral (Máximo 3 puntos)**

Relacionada co tratamento e análise de datos cuantitativos e cualitativos.

1 punto por ano traballado a xornada completa

0,5 puntos por ano traballado a tempo parcial, prácticas, bolsas ou equiparables.

Relacionada coa comunicación dixital e creación de contidos infografías, deseño gráfico, audiovisual.

0,2 puntos por ano traballado a xornada completa

0,1 puntos por ano traballado a tempo parcial, prácticas, bolsas ou equiparables.

· **Entrevista persoal (2 puntos)**

Na entrevista a persoa candidata deberá presentar documentación xustificativa dos méritos alegados, así como portafolio de traballos desenvolvidos e relacionados.

No caso de lista de agarda, de habela, só se integrarán as persoas que contén co perfil requerido pola convocatoria.